



As gamelas

Baixo a denominación de 'gamelas' agrúpanse un conxunto de embarcacións con características diferenciadas. As máis típicas son as de fondo chan e costados de dúas táboas en calime. Estas son as tamén chamadas 'chalanas'.

O tamaño é variable: eslora entre 3-7 m. e manga entre 1,2-2 m. O fondo está constituído por táboas transversais que se fan firmes sobre tres varadoiros que van de proa a popa, un polo centro e cadanseu polo bordo de cada costado. Estes están feitos de táboas enteirizas de proa a popa montadas en calime. A popa é cadrada, cunha estampa máis ou menos caída e lixeiramente máis alta cós costados, adoitando presentar unha entalladura chamada 'xingradeira'.

Antes aparellaba a vela ó tercio ou mística e hoxe xa emprega remos ou motor. É habitual o seu uso como embarcación auxiliar nos portos. Tal vez sexan as gamelas da Guarda e Coruxo unha das máis tradicionais e coñecidas.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Restaurante

“O Chouzo”

c/ Banda del Río, 59 Bueu-Pontevedra

Tfno 986 32 12 26

terrazza al aire libre



ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

O FURRUGIO

(Stylized logo with a sunburst above the text and small letters 'b' and 'a' below 'F' and 'R' respectively)